CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS NOS PREGOS E CONTESTACIÓNS ÁS SOLICITUDES DE ACLARACIÓNS CON RELACIÓN AO CONTRATO DO SERVIZO DE DINAMIZACIÓN E MEDIACIÓN EN CENTROS CÍVICOS

A) CORRECIÓN DE ERROS MATERIAIS

- As horas establecidas no cadro do apartado 1 do prego de prescricións técnicas ('Obxecto do contrato' -páx. 4) para 'Abertura e atención cidadá' (6.063 horas) e as de 'actividades ordinarias e non ordinarias' (26.041 horas) difiren das recollidas no Anexo III, apartados 2.2 'Carga horaria de abertura das instalacións' (6.974 horas) e 2.3 'Carga horaria das actividades' (25.304 horas). As cifras correctas son as que figuran no apartado 1 do prego de prescricións técnicas: 6.063 horas de actividade de abertura e atención cidadá e 26.041 horas de actividades ordinarias e non ordinarias'. Todas as porcentaxes referidas no Anexo III calcularanse en función destas cifras.

- Na cláusula 5, apartado D, punto II 'Accións de mellora do servizo derivadas da análise estratéxica' sobre 'Documentación da oferta', a referencia á cláusula 4 é incorrecta e debe entenderse á cláusula 2.

- Na cláusula 5, apartado A.I..6.b (Páx. 13) onde di 'Nome do/da traballador/a' debe entenderse 'Identificador do/da traballador/a'.

- No punto 2.2 do Anexo III onde se fala da responsabilidade de abertura e peche de instalacións, a referencia ao Grupo III é incorrecta e debe entenderse referida a persoal do Grupo IV.

B) ACLARACIÓNS SOLICITADAS POR FERROVIAL (10 de maio) E SERVIPLUS (5, 11 e 18 de maio)

- Organigrama: O organigrama é parte da documentación da oferta que as empresas licitadoras deben presentar e polo tanto non forma parte dos pregos. o organigrama debe proporse con base na información sobre:

    - O número, tipo e localización das instalacións, calendarios e horarios de abertura, e o número de horas de actividades a prestar de cada tipo, respectando a cota fixada para cada ámbito territorial (urbano, rururbano, rural).

    - O tipo e número de postos de traballo de cada grupo laboral equivalentes a tempo completo necesarios para cubrir as necesidades do servizo, cuxos límites se sinalan no Anexo II. As xerarquías, funcións e responsabilidades de cada grupo así como as categorías laborais que o compoñen están reflectidas no convenio estatal do sector que o prego asume.

O organigrama definirá os postos de traballo e a súa xerarquía, facendo corresponder estes postos a cada un dos servizos obxecto de contrato, e asignando a cada posto funcións e responsabilidades con base nas categorías que se relacionan dentro de cada grupo laboral no convenio estatal do sector.

A adscrición de postos a instalacións e de persoas a postos pode ser fixa ou rotativa, dependendo da organización do servizo e do programa de actividades que oferte cada licitadora.

As empresas deberán atribuír a instalacións concretas os servizos que prestan actividades ordinarias, por requirir de espazos específicos. Na medida en que estes servizos requiran de postos específicos tamén se dará neles unha adscrición fixa entre postos e instalacións.

Non é obrigatoria en cambio a adscrición unívoca de persoas a postos e instalacións. As empresas poden cubrir cada un dos postos recollidos no organigrama cunha ou con varias persoas, en función da súa propia organización do servizo e da oferta que presenten. Contan para iso co persoal subrogado, co seu propio persoal e coas distintas posibilidades de contratación que lle confire a actual lexislación laboral, mercantil e de contratación pública.

No que atinxe ao persoal que presta horas de actividades, achégase en ficheiro anexo a relación do identificador individual, titulación, e formación e experiencia do persoal do listado de subrogación que presta actividades de animación e monitoraxe.

- Listado de subrogación: A obrigación legal do órgano de contratación limítase a informar ás posibles licitadoras dos datos relativos ás condicións laborais do persoal obxecto de subrogación que son facilitados pola actual adxudicataria. O último listado de subrogación de persoal recibido é o que consta como actualizado en base a un laudo arbitral con data 9 de febreiro de 2017.

- Convenio de aplicación: Convenio estatal do sector de lecer educativo e animación sociocultural.

- Cesión ilegal de traballadores: O Concello de Santiago de Compostela non ten constancia de demandas de cesión ilegal de traballadores posteriores ao ano 2015.

- Programación: Á hora de elaborar a programación que se oferte xunto coa memoria como parte do programa, deben terse en conta os requisitos mínimos do servizo obxecto de contrato que se definen no Anexo III e en

particular os valores absolutos e as porcentaxes relativas ás horas de actividades que se deben respectar.

A título exclusivamente informativo achégase nunha folla de cálculo unha mostra das actividades programadas durante un trimestre. Tamén pode consultarse o histórico de actividades programadas nos centros no sitio web http://santiagosociocultural.org/actividades/, aínda que nel se poden incluír actividades que non forman parte do obxecto deste contrato.

- Horarios: As actividades ofertadas deberán respectar os calendarios e horarios establecidos no prego e no Anexo III e as licitadoras teñen liberdade para programar actividades dentro deses calendarios e horarios da forma que mellor consideren. Os horarios actuais que figuran no sitio web do servizo son unicamente orientativos. Compre lembrar que a abertura e peche de instalacións que non conten con persoal de servizos xerais ou entidades comunitarias ao cargo é unha das obrigas do persoal do grupo IV que preste o servizo.
- Instalacións é servizos especializados. O prego establece que os Equipamentos Socioculturais de Caramoniña, Cornes, Santa Marta, Vidán e Vista Alegre/Romaño posúen espazos ou salas especializadas que quedan fóra do ámbito deste contrato pero poden utilizarse o resto de espazos ou salas para a prestación do servizo. En particular, quedan excluídos o centro da Caramoniña na súa totalidade, unha das salas polivalentes de Cornes, a sala Agustín Magán de Santa Marta e o auditorio de Vista Alegre/Romaño. O ESC de Vidán na medida en que só se reserva para o calendario de verán pode ser utilizado na súa totalidade o resto do ano.

- Usuarios actuais da Rede por centros e actividades: Só existen informacións parciais sobre servizos e actividades. No servizo de bibliotecas existen como mínimo 2.000 usuarios activos por ano e un total de 8.000 rexistrados. Un número realista de usuarios activos en todos os servizos é de 5.000 persoas por ano. O número total máximo estimado de usuarios é de 10.000 persoas por ano.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2017.

MONTEAGUDO ROMERO, XOAQUIN ENRIQUE (FIRMA)

Firmado digitalmente por MONTEAGUDO ROMERO, XOAQUIN ENRIQUE (FIRMA)
Nombre de reconocimiento (DN): c=ES, serialNumber=33216418W, sn=MONTEAGUDO, givenName=XOAQUIN ENRIQUE, cn=MONTEAGUDO ROMERO, XOAQUIN ENRIQUE (FIRMA)
Fecha: 2017.05.19 13:34:45 +02'00'